

25 La Fundación en primera persona

Hijos de usuario

Residencia San Vitorio (Baralla)

Ata fai pouco máis dun ano, tivemos como interno nesta residencia o noso pai Edelmiro, que finou con case 100 anos.

Con este escrito dos seus fillos, queremos manifestar o agradecemento á directora do centro, María Teresa, pola confianza que lle deu desde o primeiro día. Tamén á educadora social, ós cuidadores/as, enfermeiras e médicos, que sempre estaban pendentes do noso pai.

Agradecemento por axudarlle a comer cando el xa non podía.

Agradecemento por mantelo sempre en boas condicións e poñelo guapo como a el tanto lle gustaba.

Agradecemento ao persoal de limpeza, cociña, etc que, como o resto do persoal, sempre tiñan algunha frase “guapa” e un sorriso para el.

Agradecemento tamén aos demais internos que sempre estiveron con el ata o último día, xogando ás cartas, ao dominó ou dando un paseo.

Por todo isto, animámoslles a seguir facendo esta labor tan importante e lanzamos a seguinte pregunta: que faríamos se non existisen centros coma este nin xente coma vós?

E, antes de rematar, queremos mostrar tamén o noso agradecemento polo trato e apoio que tamén nos mostrastes a nós, durante o tempo que o noso pai permaneceu no centro.

Seguro que quedaron moitas cousas por dicir e agradecer, pero máis ou menos isto é o que queríamos expresar.

Grazas por sempre.